



**Árbore  
Conmemorativa**

*Árbore plantada no primeiro aniversario do atentado terrorista do 11 de marzo de 2004 en Madrid, en homenaxe ás vítimas.*



## PALMEIRA DATILEIRA

**"Palmeira do 11M"**

*Phoenix dactylifera*

**SABÍAS QUE...?** Ademáis da monumental "Palmeira do 11M" do Xardín, no convento de Santo Antonio de Herbón atópase un exemplar catalogado como Árbore Senlleira de Galicia que foi plantada xunto a outra compañoira da mesma especie, seguindo a tradición iniciada no s. XV por Juan Rodríguez de la Cámara, escritor renacentista de Padrón.

Pertencente á familia Arecaceae e subfamilia Coryphoideae. A palmeira datileira habita de forma natural desde o sur da conca mediterránea (Senegal e sur de Marrocos) até as costas de Paquistán. Naturalizouse no leste e sur peninsular, sobre todo grazas á dispersión dos seus froitos que propiciaron aves e mamíferos, pero non se afasta moito da costa.

**Nome común:** Palmera, Palma, Palmera de dátiles (cast.); Palma, Palmeira de dátiles (gal.); Date palm (ing.).

### Etimoloxía:

- Phoenix: nome xenérico que deriva da palabra grega: φοῖνιξ ( phoinix ) ou φοίνικος ( phoinikos ), nome para a palmeira datileira utilizado por Teofrasto e Plinio o Vello. É moi probable que se referisen ao fenicio, Phoenix, fillo de Amyntor e Cleobule na Ilíada de Homero, ou á ave fénix
- dactylifera: epíteto específico que quere dicir 'portadora de dátiles'

**Descripción da especie:** Esta planta pode alcanzar os 30 m, aínda que o seu tronco é delgado e a miúdo con brotes desde a súa cepa, o que o diferencia da palmeira canaria (*Phoenix canariensis*), coa que se confunde habitualmente. As follas son persistentes, coriáceas, pinnadas, espiñentas, arqueadas, moi grandes e salguen en penacho desde a copa a modo de cabeleira. Son de cor verde azulada (glauca) a diferenza das da súa conxénere. Miden 1-5,5 m de lonxitude e a súa estrutura é pinnada. A cada lado do grosso eixo dispone numerosos segmentos (pinnas) encartados, ríxidos e terminados en punta. Flores dioicas, de cor crema as masculinas, que producen o pole, e amarelas as femininas, que tras a fecundación forman os froitos (dátiles) que nacen en acios na base das follas. Cando son verdes aseméllanse a unha landra sen caparuza, pero ao madurar fanse carnosos, pardos e moi doces. Teñen un óso moi alargado no seu interior cun asuco lonxitudinal e, a miúdo, con estrías transversais.

